

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia para a colaboración no fomento da formación profesional en Galicia

Santiago de Compostela, dezaoito de febreiro de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra, don Marcelo Castro-Rial Schuler, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña; don Luís Abelleira Mayor, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Lugo; don Celso Manuel Barbosa Rodríguez, presidente da Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense; don Eduardo Barros Pereira, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra; don Jesús Asorey Carril, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela; don Gumersindo Alonso Gestoso, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Tui; don José García Costas, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo e don Miguel Falcón Noya presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa; todos eles como representantes legais destas corporacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,



EXPOÑEN

1º. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que formación profesional comprende un conxunto de ciclos formativos de grao medio e de grao superior que teñen como finalidade preparar as alumnas e alumnos para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. E, entre os seus fins contempla o desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

Ademais, especifica que a formación profesional no sistema educativo contribuirá a afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais.

2º. A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación, que responda con eficacia e transparencia as demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Neste sentido, a oferta de formación sostida con fondos públicos favorecerá a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás distintas expectativas e situacións persoais e profesionais.

Así mesmo, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas se desenvolverá, entre outros, nos ámbitos da formación do persoal docente, a formación do alumnado nos centros de traballo e a realización de outras prácticas profesionais, así como na orientación profesional e a participación de profesionais cualificados do sistema produtivo no sistema formativo. E, que deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

3º. A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en

títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

4º. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado en 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.

5º. Que as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia representan os intereses xerais da pequena e mediana empresa ante as distintas Administracións prestando servizos específicos ás mesmas, entre eles os de información e asesoramento, formación, promoción e internacionalización. No marco da súa obrigatoriedade legal, a formación empresarial é unha das súas funcións básicas; ademais intentan facilitar a creación de empresas por parte dos emprendedores, aumentando deste xeito o tecido empresarial de Galicia, co incremento da riqueza económica e de novos postos de traballo que elo implica.

6º. Neste marco, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia resaltan a necesidade de uniren esforzos, mellorando o aproveitamento dos recursos e os medios dos que cada unha dispón, para promover e dar impulso á formación profesional de Galicia e ao fomento do espírito emprendedor e acordan a subscrición deste convenio de colaboración para impulsar e apoiar as actuacións que redunden en beneficio da sociedade galega, da cualificación profesional das persoas e do desenvolvemento do tecido industrial de Galicia.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio de colaboración, con base nas seguintes,



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten como obxecto a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia para o desenvolvemento de actuacións no marco da formación profesional que redunden na mellora da cualificación profesional e na formación permanente das persoas, da súa inserción profesional e en definitiva que afiancen a función da formación profesional como instrumento de transformación e mellora da sociedade galega.

Esta colaboración promoverá actuacións para a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Posibilitar o acceso dos cidadáns de todas as idades á formación permanente ao longo da vida, destacando o papel da formación profesional na formación de capital humano e de cualificación profesional para os galegos e galegas.
- b) Fortalecer as relacións bidireccionais centro-empresa no reto de que os coñecementos e competencias que adquira o alumnado se corresponda as demandas da realidade socioeconómica de Galicia e redunde no desenvolvemento e competitividade da nosa comunidade.
- c) Potenciar as distintas modalidades de formación profesional, incorporando novas experiencias como as referidas aos programas da formación profesional dual e a formación en alternancia, favorecendo unha resposta máis áxil e directa ás demandas dos empregadores.
- d) Fomentar o desenvolvemento de actividades e iniciativas emprendedoras en todas as etapas do proceso educativo dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia.
- e) Coordinar e aproveitar as iniciativas existentes que fomenten o espírito emprendedor desde o ámbito educativo e propicie no alumnado a posta en marcha de proxectos empresariais e a creación de emprego.
- f) Por en marcha novas iniciativas emprendedoras a través de: a sensibilización e motivación da comunidade educativa, na importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora; a capacitación do alumnado e a mellora da súa autonomía; e o fomento e apoio da empresarialidade para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.

Segunda. Actuacións

As Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia comprométese a levar a cabo as seguintes actuacións:

- a) Divulgar a formación profesional entre as empresas da nosa comunidade autónoma.

Para iso a cámara actuará na:

- Identificación de novos perfís profesionais e necesidades de cualificación que requiran proposta de actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións.
- Comunicación a través de campañas de información e sensibilización entre as empresas sobre a importancia da mellora da cualificación do capital humano na produtividade da empresa.
- Determinación dos sectores máis axeitados para a posta en marcha de proxectos de formación profesional dual en Galicia.
- Divulgación dos proxectos de formación profesional dual da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria entre a poboación e as empresas, especialmente na pequena e mediana empresa.
- Deseño e desenvolvemento de protocolos de actuación para a intermediación entre os cidadáns, as empresas e os centros educativos, captando posibles empresas colaboradoras e propiciando, no seu caso, a sinatura de convenios.
- Asesoramento ás empresas e aos cidadáns sobre as vantaxes da formación profesional dual desenvolta conxuntamente entre a empresa e o centro educativo.
- Asesoramento e formación, no seu caso, aos responsables dos programas de formación profesional dual nas empresas.
- Fomento da participación de expertos do sistema produtivo nos centros educativos de xeito que se complemente e enriqueza a formación e orientación profesional do alumnado, a súa adaptación ao mercado de traballo e a súa capacidade de inserción laboral.

- b) Apoiar o fomento do espírito emprendedor na comunidade educativa, mediante:

- A coordinación das actuacións da Cámara en materia de emprendemento nos centros educativos a través do Plan Eduemprende.
- O fomento da participación de empresarios consolidados e novos emprendedores nos centros educativos en aras de sensibilizar e motivar a comunidade educativa, na importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora.
- A procura da participación de alumnado e profesorado nos programas da Cámara que permitan a mellora da súa capacitación emprendedora e da súa autonomía.
- O establecemento de medidas de fomento e apoio á empresarialidade, dirixidas ao alumnado, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborará coas Cámaras no desenvolvemento de actividades no marco deste convenio, e asume as seguintes actuacións:

- a) Planificar unha oferta de formación profesional que axude á cualificación profesional e a incrementar a inserción laboral das persoas, que se adapte con axilidade ás necesidades do tecido produtivo e á realidade social galega.
- b) Implantar de xeito progresivo programas de formación profesional dual en Galicia.
- c) Traballar conxuntamente coas cámaras de comercio para favorecer a implicación das empresas nos programas de formación profesional dual.
- d) Realizar as actuacións necesarias para favorecer a participación do profesorado e os centros educativos nos programas de formación profesional dual en cada zona.
- e) Facilitar ao persoal das Cámaras de Comercio de Galicia a formación e información necesarias para o desenvolvemento do seu cometido no ámbito da formación profesional e do fomento do emprendemento.
- f) Articular as medidas que sexan precisas, co fin de favorecer a participación dos centros educativos nas actividades a desenvolver dentro dos eixes de actuación de eduemprende para conseguir a implantación da cultura emprendedora entre o alumnado e así a mellora da empregabilidade.

Terceira. Acordos específicos

As accións específicas que se vaian desenvolver e os aspectos relativos á súa execución concretaranse a través da correspondente Addenda a este convenio.

Cuarta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- a. Dous representantes das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.
- b. Dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c. Un funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento e deberá reunirse sempre que sexa necesario para o bo fin da colaboración. Entre outras, á comisión corresponderánlle as seguintes funcións:

- a. Propor actuacións concretas de colaboración.
- b. Realizar o seguimento das actuacións específicas que se leven a cabo, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

Quinta. Vixencia e prórroga

O convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2015, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente.

Sexta. Resolución do convenio

Serán causas de resolución deste convenio:

- a. Mutuo acordo entre as partes.
- b. Denuncia por escrito dunha das partes, previo aviso de tres meses de antelación á fecha na que se vaia a dar por finalizado o convenio.
- c. Calquera outra das previstas pola lexislación vixente.

A resolución do convenio non impedirá a terminación das actuacións iniciadas ou programadas.

Sétima. Carácter administrativo do convenio

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdisen na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.



O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación da Coruña

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación de Lugo

Asdo.: Marcelo Castro-Rial Schuler,

Asdo.: Luís Abelleira Mayor

O presidente da Cámara Oficial de Comercio, e
Industria de Ourense

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación de Pontevedra

Asdo.: Celso Manuel Barbosa Rodríguez

Asdo.: Eduardo Barros Pereira

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación de Santiago de
Compostela

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación de Tui

Asdo.: Jesús Asorey Carril

Asdo.: Gumersindo Alonso Gestoso

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación de Vigo

O presidente da Cámara Oficial de Comercio,
Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa

Asdo.: José García Costas

Asdo.: Miguel Falcón Noya

